

GUÍA DE LECTURA

Unha misión para Clara

Marica Campo

oqueleo



Unha misión para Clara

Marica Campo

PRESENTACIÓN DA OBRA



A autora

Marica Campo (María Pilar Campo Domínguez) naceu no Val do Mao, concello do Incio (Lugo), en 1948. Estudou Teoloxía, obtivo o título de mestra e iniciou tamén Filosofía e Letras. Exerceu como mestra en varias escolas da provincia de Lugo, nas Canarias e na Mariña de Lugo. Posteriormente, impartiu Lingua e Literatura Galega no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, onde se xubilou en 2008. Na actualidade reside en Lugo.

Comezou a escribir en galego durante a estadía no colexio público Castro de Rei. Participa en concursos de poesía, prosa e teatro, e obtivo algúns premios. Tamén compuxo letras para o grupo musical *Fuxan os ventos*. Foi nomeada Chairega de Honra pola Asociación Cultural Xermolos e pola Fundación Manuel María da Terra Chá en 2007.

Obras de Literatura Infantil e Xuvenil súas son: *Crispín do Mao*, *Crispín do mar* (narrativa), Xunta de Galicia, 2003. *Abracadabras* (poesía), Edicións do Castro, 2006. *Noutra dimensión* (narrativa), Galaxia, 2011. *E Xoel aprendeu a voar* (narrativa), Edicións Obradoiro (colección Oqueleo), 2017.

A obra

Clara vive cos seus pais e coa súa irmá na cidade. Un día recibe a misteriosa visita dun rapaz cunha maleta; trátase dun elfo nórdico (Nimo) que ten un cometido que irá desvelando pouco e pouco. Tamén a visitará un trasno galego, Silván, que é moi festeiro, e nese tempo ocorre un suceso curioso: a familia soña cunha enigmática canción dos Beatles, grupo do que son fans.

Pouco despois chega a noticia de que arde o monte de eucaliptos que arrodea a fraga de Pedrasirtas, na aldea paterna. Preocupada, Clara convence os pais para ir ao bosque que coñece desde pequena. Irán con ela os seus amigos Román e Lía.

Xa na fraga, a nena cae e perde o coñecemento. Durante uns segundos entra nun plano máxico en que coñece os xefes da fraga (sete árbores emblemáticas) e estes

noméana defensora dos bosques. Recuperada do tronso, a nena cóntalles o seu segredo aos dous amigos e esa noite os tres teñen un soño compartido.

Volven o día seguinte á fraga e o vello carballo pídelles a Clara que fale co dono do eucaliptal calcinado, un vello solitario que só pensa nos beneficios económicos que lle poden dar os eucaliptos. Finalmente convénceo para que repoboe con especies autóctonas ese monte.

Por que lela?

É unha obra en que conflúen a defensa do bosque autóctono e o poder da imaxinación; unha historia con moitos matices, que transmite emocións e sensacións asociadas á natureza e transporta o lector á fantasía e os soños.

Desde o inicio créase interese por saber cal é a misión outorgada á protagonista e unha vez que a sabemos a incógnita é se será quen de levala a cabo. Ademais a autora fai ao longo do relato moitas referencias históricas, musicais, literarias... de gran valor formativo para a cultura xeral dos lectores.

Achega do libro ao desenvolvemento das competencias

Competencia lingüística

Espertar o interese pola literatura e a mitoloxía.

Descibir personaxes fantásticos.

Conciencia e expresión cultural

Apreciar e gozar da música como enriquecemento cultural e resposta ás necesidades dos seres humanos.

Competencia matemática, científica e tecnolóxica

Valorar a biodiversidade dos bosques e a necesidade da súa protección.

Realizar buscas en Internet para obter información diversa.

Competencia social e cívica

Desenvolver un pensamento afectivo e crítico.

Educación en valores

Valores que reforzan as relacións interpersoais e o compromiso social como a lealdade, a solidariedade, a responsabilidade, o respecto á natureza e a valoración do patrimonio natural e cultural...

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Ler e comprender

Título, ilustración e sinopse · Actividade 1

Propoñemos nesta primeira ficha unha actividade previa á lectura da novela co fin de incentivar a curiosidade polo relato. Ollando a cuberta e a contracuberta do libro, o alumnado establecerá hipóteses sobre o argumento a partir do título (*Unha misión para Clara*), da ilustración e da información da sinopse. Seguindo esta orde, pedimos que describan a imaxe identificando nela quen poden ser os personaxes e onde parecen estar. Sen dúbida asociarán a rapaza coa protagonista mencionada no título, o lugar como un bosque, e os dous pequenos personaxes que aparecen por detrás das árbores con seres fantásticos. Lemos a continuación a sinopse da contracuberta para aproximarnos máis á historia e descubrimos a idade da protagonista («unha nena de dez anos»), un trazo do seu carácter («criada no amor e o respecto á Natureza, quere ser exploradora»), o nome dun personaxe misterioso («Nimo») e que o argumento está relacionado cunha fraga.

Dedicamos atención tamén ao termo «misión» (encarga, mandato, algo que ten que realizar alguén porque llo pediron...) e propoñemos que imaxinen cal pode ser a misión da protagonista sabendo que está relacionada cun bosque.

Unha vez lida a novela, convirá volver sobre estas consideracións e que os propios lectores valoren en que grao se achegaron ao argumento. Poderán tamén situar a obra nalgún subxénero narrativo: aventuras, realista, ficción científica, fantasía... ou nunha mestura de varios.

Nimo e Silván; un elfo e un trasno · Actividade 2

Nesta actividade centrámonos nos dous personaxes fantásticos que visitan a Clara: o elfo Nimo e o trasno Silván. Ofrecemos frases extraídas da novela para que os alumnos as relacionen con un ou co outro e vaian lembrando detalles, sobre todo no que se refire á súa actitude e conduta.

Rematada a actividade, poñemos en común a clasificación que fixeron e animámoslos a explicar cal dos dous personaxes lles gustou máis e por que motivo. A continuación, escribirán a descrición física dun deles engadindo outros trazos da fisionomía e da vestimenta, en función de como os imaxinen, e acompañarán o texto dun debuxo.

Finalmente propoñeremos que o alumnado converse e comparta referencias sobre este tipo de personaxes fantásticos dos que seguramente terá lido ou escoitado historias en contos, como *O zapateiro e os trasnos*, ou películas, como *Strange Magic*.

Seres mitolóxicos

Enlazando coa actividade anterior, comentamos que nas lendas e nos contos os bosques adoitan presentarse como lugares que gardan misterios e onde habitan seres máxicos. Preguntamos ao alumnado por nomes de seres fantásticos que coñezan doutros relatos (fadas, ninfas, trolls, gnomos, ananos, bruxas, meigos...) Relemos este diálogo entre Clara e Nimo e falamos do concepto de mito:

—Dos trasnos tiña oído moitos contos —dixo Clara—. Eran cousas doutros tempos, de cando as xentes eran moi ignorantes e crían en mitos.

—Sábelo todo! Pois tamén deberías saber que os mitos intentan explicar a realidade. Ti viches a Silván? Ti vesme a min? Existimos ou non? (cap. 10)

Explicamos que os mitos son relatos que crearon os humanos na historia dos tempos como unha forma de explicar fenómenos que non comprendían nin sabían como se orixinaban; por iso adoitan estar relacionados coa orixe do mundo, coa natureza, cos seres vivos e cos fenómenos que se observan nela. Os seres mitolóxicos son os protagonistas deses mitos, criaturas imaxinarias con calidades fantásticas. As súas historias foron transmitíndose de forma oral e son a orixe de moitos costumes tradicionais. Cada cultura ten os seus propios seres. A novela ofrece unha mostra da equivalencia de dous: un da mitoloxía galega e o outro da escandinava, que xa comparamos na actividade 2. Propoñemos agora que localicen no mapa de Europa os bosques escandinavos dos elfos, e en concreto Suecia, de onde procede Nimo.

Clara e outros personaxes · Actividade 3

Clara é unha rapaza cun carácter definido: intelixente, respectuosa e algo «sabichona», pero coa «humildade dos que non pensan que o saben todo». Formulamos unha serie de preguntas para analizar a personalidade desta personaxe.

Na obra atopamos outros personaxes secundarios non fantásticos como son os membros da familia de Clara, un amigo e unha amiga que comparten con ela unha parte da misión; e o vello Demetrio, o dono do eucaliptal queimado. Aproveitamos para identificalos polo nome, recordar e falar de detalles da historia e acontecementos relacionados con eles.

Sete árbores, sete xefes · Actividade 4

No encrucillado desta actividade aparecen os sete xefes da fraga, sete árbores que nunha especie de ritual de agregación converten a Clara en protectora da fraga.

Tras identificar as árbores e as características que nomea o relato, podemos recordar como se produciu o seu encontro e como se simbolizou o pacto: «Mollaches a terra co teu sangue... que se mesturará co noso zume...» (capítulo 16).

Árbores singulares e a vida na fraga

Con motivo da mención do Avó de Chavín, un dos eucaliptos máis altos de Europa («plantado en 1880, ten 67 metros de altura e case once metros de perímetro» páx. 65) e do Centurión da Montaña de Ash, en Australia («O máis grande do mundo... arredor de 500 anos.» páx. 94), animamos o alumnado a buscar imaxes destas dúas árbores centenarias. Falamos tamén da existencia en Galicia de árbores singulares por algunha característica: tamaño, idade, historia, rareza ou beleza. Un catálogo publicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural actualmente recolle 155 árbores e 37 formacións arbóreas; pode consultarse en liña (cmaot.xunta.gal) e poden investigar os alumnos se existe na súa localidade algunha árbore senlleira.

Detémonos nas aprendizaxes de Clara en Pedrasirtas: «Alí aprendeu a distinguir o afinado canto do merlo fronte aos constantes e fortes asubíos do reiseñor. O son de moedas do paspallás macho fronte ao ouriolo, que semella cantar o propio nome. O peto a picar no toro da árbore dezaseis veces por segundo e doce mil ao día para facer o niño nun mes. A lavandeira branca, emisaria do frío. Alí tamén descubriu as pegadas dos corzos e dos xabarís e...» (páx. 43) Preguntamos se eles serían quen de recoñecer estes animais, e propoñemos que conten experiencias asociadas ao bosque: se coñecen algunha fraga, se fan andainas coa familia polo bosque, que especies animais, plantas e árbores recoñecen...

En voz alta: *Ponlle ritmo*

A música está moi presente en toda a novela. Nimo e Silván falan algunhas veces entoando a melodía de cancións populares, como cando versionan o «Fuches ti, fuches ti» e o coñecido «Ondiñas veñen». Clara tamén cantaruxa unha famosa cántiga e declara que a aprendeu a ritmo de rap:

«Sete cuncas de papas de millo
unha vella comeu
e quebroulle o cordón do xustillo
de tanto que encheu.
Tiña fame e comeu outras sete
e mais recuncou
e despois fixo igual ca un foguete
—chis-pún!— e estoupou.»

Aproveitamos para analizar co alumnado a letra da canción, o seu carácter humorístico e as hipérboles. Pedimos que a reciten dándolle unha entoación e expresividade axeitadas. Despois animamos e versionala con ritmo de rap. Propoñemos que soliciten a colaboración do mestre ou mestra de música para seleccionar algunha base musical e deixámoslles un tempo para preparalo.

Valorar

Mensaxes do xefe indio Noah Sealth · Actividade 5

En ata tres ocasións na novela faise mención á famosa carta do xefe indio Noah Sealth, líder das tribos amerindias do territorio que ocupa actualmente o estado de Washington, nos EUA. Son os carballos da fraga os que lle falan dela a Clara. Esta misiva é unha chamada a coidar o planeta, un manifesto en defensa do medio ambiente que segue a ter total vixencia máis de cento cincuenta anos despois. Dela poden extraerse fragmentos significativos que invitan á reflexión e á toma de conciencia sobre a necesidade de protexer o medio natural. Na actividade propoñemos que o alumnado recompoña tres oracións e valore a mensaxe que transmiten. Animámolos a que busquen o texto completo da carta en Internet (tamén llo pide o carballo a Clara), que o lean e seleccionen outras frases que lles parezan importantes para compartir. Atoparán a versión en inglés ou en castelán, e traducirana ao galego.

Misión cumprida e boas novas · Actividade 6

Ata o capítulo 23 non se descobre a misión de Clara: convencer o vello indiano para que repoboe con especies autóctonas o bosque queimado da súa propiedade. Na actividade o alumnado ten que recordar detalles relacionados coa conversa entre Clara e Demetrio, e cal foi a promesa que lle logrou arrincar. Aproveitando as circunstancias, suxerimos que elaboren unha noticia anunciando o acordo logrado; poderán poñer en práctica a competencia na escrita dun texto xornalístico.

Posta en común: *Por que protexer os bosques e como?*

A novela fai unha chamada valorar os bosques, a recoñecer a necesidade da súa conservación para todos os seres vivos e a necesidade do seu coidado. Falamos da importancia dos bosques, unha fonte de osíxeno no planeta e das ameazas que están a sufrir. Preguntamos por que debemos protexelos e propoñemos que acheguen accións axeitadas para facelo. Animamos o alumnado a reflexionar sobre a súa propia implicación e a das persoas do seu contorno no coidado deste espazo.

Solveig e Peer Gynt

Nun dos seus encontros Nimo cóntalle a Clara a historia de Peer Gynt e Solveig. É o relato dunha lenda escandinava, de certa extensión, que lle serve á autora para introducir unha reflexión sobre o tema do amor romántico; recordamos ao alumnado as palabras de Clara, das páxinas 59 e 60, e animámolos a comentar se están de acordo ou non coas súas reflexións.

Aproveitamos tamén para fomentar o interese do alumnado pola música clásica escoitando dúas pezas da obra homónima de Edward Grieg, a mencionada *Canción de Solveig* e a famosa *Na gruta da montaña*; en Youtube atópanse interpretacións de ambas as dúas. Tras escoitalas, poden explicar que estilo de música se trata (folc, pop, clásica...); que sentimentos lles transmitiu e que lles suxeriu (tristeza, medo, acougo, inquietude, paz, alegría, ...), que instrumentos cren que soan...

E Lucy a abrir as portas dos soños

A canción dos Beatles está de fondo ao longo da historia e vai introducindo os momentos de fantasía nos soños dos personaxes. Lembramos o que se conta na novela da orixe desta canción (incluída no disco *Sgt. Pepper's Lonely Hearts Club Band*, 1967): o fillo de Jonh Lennon fai un debuxo dunha compañeira de pupitre chamada Lucy e, ao ver o debuxo, o músico acórdase de *Alicia no país das marabillas*, e crea a letra da canción onde ocorren cousas propias do mundo dos soños. Tempo despois uns científicos pónenlle o nome de Lucy ao esqueleto dunha *australopithecus* achada en Etiopía porque esa canción soaba cando a atoparon. E agora Lucy aparece rodeada de sementes de árbores (tan valiosas coma os diamantes) nun soño da protagonista da novela.

Despois de ler a letra, xa na versión inglesa xa na tradución (páxs. 14 e 91, respectivamente), recoñecemos que no mundo dos soños todo é posible. Finalmente, vemos o fragmento que dá peche á novela «Hai misións que duran toda a vida. Para cumprilas, temos que soñar. Daquela, os soños tamén deben durar toda a vida» e pedimos que valoraren as palabras de Silván: Que opinan desta afirmación? Están de acordo? Que soños lles gustaría ver cumpridos? ...

Escritura creativa: Soños nun soño · Actividade 7

Lembramos o capítulo en que Clara, Lía e Román tiveron un soño compartido (cap. 21). A partir desta idea propoñemos que o alumnado escriba unha historia relatando un soño que tamén vai ser compartido.

Deixamos que o azar marque o proceso de escritura, seguindo a técnica do *cadáver exquisito*. Cada un escribirá unha parte do soño. Sen coñecer máis ca a última frase que escriba o compañeiro anterior. Colocados en fila (dependendo do número de alumnos poden facerse varias), entregámoslle ao primeiro a folla modelo cunha frase de partida (por exemplo: *Sentei ao pé dunha grande árbore. Oíase unha musiquiña.*); deberá engadir dúas frases no recadro seguinte, e dobrar folla deixando só visible o seu recadro. Pasaralle a folla ao seguinte que engadirá dúas frases e repetirá o proceso. Así sucesivamente deica chegar ao último. Desenvolveremos o papel, leremos o resultado que ha ter un punto máxico, sen sentido, como moitos soños.

Crear

Unha portada colaxe para a novela

O álbum en que se inclúe a canción de *Lucy in the sky with diamonds* conta cunha das portadas máis famosas da historia da música: os catro beatles diante dunha colaxe de rostros de personaxes famosos e de obxectos diversos. Buscámolo en Internet e observamos os seus detalles.

Propoñemos que o alumnado elabore unha portada para a novela utilizando a técnica da colaxe. Organizamos grupos e distribuimos capítulos entre eles, cada grupo buscará imaxes que ilustren referencias dos capítulos que lles tocasen. Unha vez seleccionadas e impresas as imaxes; deberán xuntalas coas dos outros grupos e combinalas para montar a colaxe. No conxunto poden aparecer retratos dos Beatles, figuras calidoscópicas, malvaviscos, o xefe Noah Sealh, unha maleta, árbores, follas e outros elementos da natureza, instrumentos musicais que toca o elfo... Resultará unha obra imaxinativa igual que o mundo alucinante dos sonhos.

Investigar

Árbores da fraga

Para fomentar un mellor coñecemento do medio natural e para que aprendan a diferenciar especies arbóreas, propoñemos que os alumnos elaboren un tríptico ou un mural informativo. Nel incluírán fotos de cada árbore, incluíndo tamén imaxes da forma das follas e dos froitos e unha ficha informativa das características principais. Para elaborar a información, deberán investigar primeiro en distintas fontes información, seleccionala e sintetizala.

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Actividade 1 · Título, ilustración e sinopse

Observa a ilustración da cuberta, le o título, pensa e responde:

- Quen serán os personaxes da imaxe? Terán algo de especial?

.....
.....

- Onde parece que están os personaxes? Por que o cres?

.....
.....

- Que é unha *misión*? Pon un exemplo.

.....
.....
.....

Le agora o texto da contracuberta e responde:

- Quen é Clara?

.....
.....

- Que é a selva amazónica? Parece que vaia ocorrer alí a historia?

.....
.....
.....

- Cal cres que será a misión de Clara? Imaxina e escribe de forma breve que pode ocorrer na historia.

.....
.....
.....

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Actividade 3 · Clara e outros personaxes

Que sabes de Clara, a protagonista? Responde estas preguntas sobre ela.

- Dinlle algunha vez a Clara que é sabichona? Por que? Pon un exemplo.

.....
.....
.....

- Pareceche esa unha calidade negativa ou positiva no seu caso? Por que?

.....
.....
.....

- Que quere dicir que Clara non quere ser abesullona?

.....
.....
.....

- Que calidades destacarías ti da forma de ser de Clara: empática, intelixente, sensible...? Xustifica a resposta.

.....
.....
.....
.....

Ademais de Silván e de Nimo, hai outros personaxes que se relacionan con Clara. Recoñécelos polo seu nome? Relaciona e conta o que sabes deles.

- | | | | |
|---------------|---|---|-------------------------------|
| Antón e María | • | • | dono dos eucaliptos queimados |
| Demetrio | • | • | pai e nai de Clara |
| Carme | • | • | amigos de Clara |
| Lía e Román | • | • | irmá de Clara |


NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Actividade 4 · Sete xefes, sete árbores

Na fraga de Pedrasirtas, Clara fala con sete xefes antigos, sete árbores moi importantes. Lembras cales son? Completa as letras que faltan do nome de cada árbore.



Escribe agora o nome de cada árbore do encrucillado onde corresponde. Se o precisas, volve sobre a páxinas 67 e 68 do libro.

- Co seu sangue envelenábanse as frechas. →
- Símbolo da xustiza e a verdade. →
- As súas abelás son delicia dos esquíos. →
- Árbore da vida, as serpes non se achegan a ela. →
- O bardo galego, un poeta ao xeito dos celtas. →
- Coa súa madeira as bruxas fan vasoiras. →
- Cargado de landras, como medallas dun xeneral. →

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Actividade 5 · Mensaxe do xefe indio Noah Sealth

O carballo fálalle a Clara do xefe indio Noah Sealth e menciónalle algunhas das frases da carta que lle escribiu ao presidente dos EUA en 1854. Pensa e completa as oracións, despois comproba nas páxinas 69, 74 e 116 da novela se recolliches a mensaxe.

«Todo vai, coma o que une unha familia.»

«Onde está a matogueira? Onde está a aguia? Acaba a vida e comeza a».

«Isto sabemos. A non pertence ao home; o home pertence á».

Busca en Internet información sobre quen era Noah Sealth e por que lle escribiu unha carta ao presidente norteamericano.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Busca tamén a carta de Noah Sealth, lea e copia algún fragmento que che guste. Se a atopas noutro idioma, tradúceo ao galego.

.....

.....

.....

.....

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Actividade 7 · Soños nun soño

Escribe no recadro seguinte dúas oracións para continuar a historia. Despois dobra pola liña de xeito que se vexa só o teu escrito e pasa a folla ao compañeiro/a.

<i>Sentei ao pé dunha grande árbore. Oíase unha musiquiña.</i>
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

Test de comprensión lectora

Pensa ben as preguntas e marca as respostas correctas.

1. Quen era o neno negro da maleta?

- a Silván, o trasno.
- b Nimo, o elfo.
- c Román, o amigo de Clara.

2. Por que o elfo se presentou ante Clara cunha fisionomía diferente?

- a Para gastarlle unha broma.
- b Para non asustala.
- c Para comprobar como reaccionaba, e se o rexeitaba.

3. Viron os pais de Clara a Nimo?

- a Si, cando atoparon a maleta na casa.
- b Non, eles non podían velo.
- c Si, vírono no bosque.

4. De que cor é o sangue dos elfos ?

- a É verde e ole moi ben.
- b É verde e ole moi mal.
- c E encarnado coma o dos humanos.

5. Que monte foi o que ardeu?

- a A fraga de Pedrasirtas.
- b O terreo de eucaliptos plantados a carón da fraga de Pedrasirtas.
- c Un eucalipto centenario que se chama o Avó.

6. Como quedou selado o pacto entre Clara e os xefes do bosque?

- a Co sangue que saíu do nariz de Clara cando caeu no chan da fraga.
- b Co sangue que saíu dun corte que fixo Clara nunha árbore.
- c Co sangue de Nimo cando se picou nun dedo.

NOME: CURSO:

UNHA MISIÓN PARA CLARA

Marica Campo

7. Por que o señor Demetrio estaba sempre amargado?

- a Porque lle queimaron o monte.
- b Porque perdera os seus seres queridos: os fillos e a muller, e estaba só.
- c Porque non sabía o que era ter bo humor.

8. Que serán as árbores de especies autóctonas?

- a As árbores propias do lugar.
- b As árbores que veñen de Australia.
- c As árbores que medran moito.

9. Como convenceu Clara a Demetrio para que non volvese plantar eucaliptos?

- a Recitándolle un poema moi fermoso sobre a importancia do bosque.
- b Prometéndolle unha axuda da Consellaría de Medio Ambiente.
- c Lémbrandolle bos recordos da infancia e da xuventude na fraga.

10. O elfo Nimo quedou para sempre vivir en Galicia?

- a Si, quedou a vivir na fraga de Pedrasirtas.
- b Non, regresou ao seu bosque nórdico.
- c Si, quedou a vivir na casa de Clara.

Solucionario

UNHA MISIÓN PARA CLARA


Marica Campo

Nimo e Silván; un elfo e un trasno · Actividade 2

SILVÁN: O seu oficio é gastar bromas, facer brincadeiras... /...bombardeou de novo e desapareceu deixando un ronsel fedorento...

NIMO: Tornouse branco coma se o rebozasen en fariña... Os ollos semellaban incoloros coma a auga. /...deu en medrar, igual ca un globo cando incha, mais adquirindo unha figura lanzal, non de esfera.

Sete xefes, sete árbores · Actividade 4



- Co seu sangue envelenábanse as frechas. > TEIXO
- Símbolo da xustiza e a verdade. > CASTIÑEIRO
- As súas abelás son delicia dos esquíos. > ABRAIRA
- Árbore da vida, as serpes non se achegan a ela. > SALGUEIRO
- O bardo galego, un poeta ao xeito dos celtas. > PIÑEIRO
- Coa súa madeira as bruxas fan vasoiras. > FREIXO
- Cargado de landras, como medallas dun xeneral. > CARBALLO

Misión cumprida e boas novas · Actividade 6

- Clara foi onda o vello Demetrio para... aconsellarlle que repoboe o terreo do eucaliptal con especies autóctonas.
- Demetrio non quería repoboar con especies autóctonas porque... tardan moito en medrar, e non lles podería sacar beneficio económico.

Test de comprensión lectora

1b; 2c; 3b; 4a; 5b; 6a; 7b; 8a; 9c; 10b.